



CONCELLO DE REDONDELA

Resolución Alcaldía

Expte núm.: 2111/2023

Procedemento: Contratacións

Título: Reurbanización da rúa As Cardosas, a rúa Salgueiral e a súa continuación pola rúa Ernestina Otero en Vilavella, Redondela (PROGRAMA PON2030 e Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, Deputación de Pontevedra)

Responsable: Contratación.mgm

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto o proxecto técnico da obra de Reurbanización da rúa As Cardosas, a rúa Salgueiral e a súa continuación pola rúa Ernestina Otero en Vilavella, Redondela, redactado e asinado electronicamente con data 14.06.2023 polos arquitectos Lucas Gándara Álvarez y Juan Bautista Pons Herrera, colexiados núm. 3721 e 3780 COAG, e presentado na Oficina Auxiliar de Rexistro Electrónico do Concello o mesmo día co núm. 2023-E-RE-3610, que substitúe aos anteriores de data 31.03.2023 e 08.05.2023, tras os dous requirimentos de emenda realizados pola Deputación Provincial de Pontevedra relativos á eliminación udnha parcela de titularidade particular e para determinar se existe impacto ambiental, respectivamente, cun orzamento que ascende a 812.164,79 euros máis IVE do 21% por importe de 170.554,61 euros, o que fai un total de 982.719,40 euros.

Lida a resolución da Alcaldía núm. 1343/2024 do 09.05.2024 pola que se aprobou o proxecto técnico da obra, previo informe de supervisión emitido polo arquitecto municipal con data do 06.07.2023.

Vistas as autorizacións concedidas para a execución da obra pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, con data 18.10.2023 e entrada no Rexistro Xeral do Concello o día 02.11.2023 co núm. 18712, pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea que tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello o día 20.07.2023 con núm. 12830, por Augas de Galicia, mediante resolución de data 26.06.2023 e entrada no Rexistro Xeral do Concello o día 27.06.2023 co núm. 11582, pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia o día 07.03.2024 e entrada no Rexistro Xeral do Concello o 08.03.2024 co núm. 3702, e polo Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda mediante resolución da directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 15.03.2024 con entrada no Rexistro Xeral do Concello o día 18.03.2024 co núm. 4209.

Concedida, mediante acordo do Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, adoptado en sesión extraordinaria urgente celebrada o día 23.06.2023, un subvención por importe de 737.039,55 euros para o financiamento da obra de Reurbanización da rúa As Cardosas, a rúa Salgueiral e a súa continuación pola rúa Ernestina Otero en Vilavella, Redondela, con cargo ao Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2023-Programa PON2030.

Lida a resolución da Alcaldía núm. 2145/2023, de data 13.09.2023, pola que se aprobou o texto definitivo do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Redondela para a execución da actuación denominada "Reurbanización da rúa As Cardosas, a rúa Salgueiral e a súa continuación pola rúa Ernestina Otero en Vilavella, Redondela, no marco do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2023-Programa PON2030, e asinado dito convenio o día





15.11.2023.

Concedida, mediante acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 13.10.2023, unha subvención por importe de 202.840,24 euros para o financiamento do importe da achega municipal da obra Reurbanización da rúa As Cardosas, a rúa Salgueiral e a súa continuación pola rúa Ernestina Otero en Vilavella, Redondela, financiada con cargo ao PROGRAMA PON2030, cunha achega municipal de 42.839,61 euros.

Vista a acta de trazado previo asinada con data 09.05.2024, con posterioridade á aprobación do proxecto, polos mesmos técnicos redactores deste, os arquitectos Lucas Gándara Álvarez y Juan Bautista Pons Herrera.

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo de data 16.05.2024 que transcrita di:

“Este Concello ten a necesidade realizar unha actuación na rúa As Cardosas, na rúa Salgueiral e na súa continuación pola rúa Ernestina Otero en Vilavella co obxectivo fundamental de acadar a revitalización dun espazo público deteriorado que é central na vida de Redondela, xa que a mellora do espazo público e os novos equipamentos conlevarán crecemento económico, seguridade e, en definitiva, unha mellora nas condicións de vida da poboación, sendo central na proposta o deseño dos espazos tratados de forma que sexan accesibles para todas as persoas, poñendo especial atención ás condicións que requiren os homes e mulleres de máis idade, así como as persoas con mobilidade reducida ou algún tipo de discapacidade. Ademais esta intervención cumprirá outros obxectivos como son converter o centro de Redondela nun “espazo amable” para o cidadán, intervindo neste espazo público, a través dunha nova ordenación do tráfico rodado e as prazas de aparcadoiro, para xerar unha mobilidade máis sostible que incida na mellora da calidade de espazo urbano e na súa activación social, cultural e económica, aumentar a seguridade de peóns, en especial a de escolares e peregrinos, reducindo así o número e a gravidade dos accidentes de tráfico, garantir a accesibilidade universal de todos os cidadáns, reducir as emisións contaminantes producidas polo tráfico rodado, contribuir aos criterios horizontais de igualdade de oportunidades e non discriminación, así como responsabilidade social e sostibilidade ambiental, dotar ao parque de equipamento para o disfrute do mesmo por parte de todos os cidadáns e especialmente dos nenos e nenas de Redondela e xerar espazos para a cultura, no que sexa posible xerar programacións culturais, polo que encargou a redacción do pertinente proxecto técnico para a execución da obra de Reurbanización da rúa As Cardosas, a rúa Salgueiral e a súa continuación pola rúa Ernestina Otero en Vilavella, Redondela.

O proxecto técnico da obra, redactado e asinado electronicamente con data 14.06.2023 polos arquitectos Lucas Gándara Álvarez y Juan Bautista Pons Herrera, colexiados núm. 3721 e 3780 COAG, e presentado na Oficina Auxiliar de Rexistro Electrónico do Concello o mesmo día co núm. 2023-E-RE-3610, que substitúe aos anteriores de data 31.03.2023 e 08.05.2023, tras os dous requirimentos de emenda realizados pola Deputación Provincial de Pontevedra relativos á eliminación dunha parcela de titularidade particular e para determinar se existe impacto ambiental, respectivamente, cun orzamento que ascende a 812.164,79 euros máis IVE do 21% por importe de 170.554,61 euros, o que fai un total de 982.719,40 euros, foi aprobado por resolución da Alcaldía núm. 1343/2024 do 09.05.2024, previo informe de supervisión emitido polo arquitecto municipal con data do 06.07.2023.

As autorizacións necesarias para a execución das obras foron concedidas pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, con data 18.10.2023 e entrada no Rexistro Xeral do Concello o día 02.11.2023 co núm. 18712, pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea que tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello o día 20.07.2023 con núm. 12830, por Augas de Galicia, mediante resolución de data 26.06.2023 e entrada no Rexistro Xeral do Concello o día 27.06.2023 co núm. 11582, pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia o día 07.03.2024 e entrada no Rexistro Xeral do Concello o 08.03.2024 co núm.



3702, e polo Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda mediante resolución da directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 15.03.2024 con entrada no Rexistro Xeral do Concello o día 18.03.2024 co núm. 4209.

Enviado con data 21.04.2023 o proxecto técnico da obra á empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga de Redondela, Aqualia Gestión Integral del Agua, SA y Fomento de Construcciones y Contratas, SA UTE Redondela, para a emisión de informe non vinculante, con data 07.11.2023 tivo entrada na Oficina Auxiliar de Rexistro Electrónico do Concello, co núm. 2023-E-RE-6867, o informe da empresa.

Concedida, mediante acordo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, adoptado en sesión extraordinaria urxente celebrada o día 23.06.2023, un subvención por importe de 737.039,55 euros para o financiamento da obra de Reurbanización da rúa As Cardosas, a rúa Salgueiral e a súa continuación pola rúa Ernestina Otero en Vilavella, Redondela, con cargo ao Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2023-Programa PON2030.

Asinado con data 15.11.2023 o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Redondela para a execución da actuación denominada “Reurbanización da rúa As Cardosas, a rúa Salgueiral e a súa continuación pola rúa Ernestina Otero en Vilavella, Redondela, no marco do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2023-Programa PON2030, previa aprobación do texto definitivo do convenio por resolución da Alcaldía 2145/2023, de data 13.09.2023.

Concedida, mediante acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 13.10.2023, unha subvención por importe de 202.840,24 euros para o financiamento do importe da achega municipal da obra Reurbanización da rúa As Cardosas, a rúa Salgueiral e a súa continuación pola rúa Ernestina Otero en Vilavella, Redondela, financiada con cargo ao PROGRAMA PON2030, cunha achega municipal de 42.839,61 euros.

Asinada a acta de trazado previo, o día 09.05.2024, con posterioridade á aprobación do proxecto, polos mesmos técnicos redactores deste, os arquitectos Lucas Gándara Álvarez y Juan Bautista Pons Herrera.

Concedidas as subvencións e para os efectos de contratar a execución desta obra, esta Concellería, **PROPÓN**

Primeiro.- Acudir á tramitación dun expediente de contratación da obra de **Reurbanización da rúa As Cardosas, a rúa Salgueiral e a súa continuación pola rúa Ernestina Otero en Vilavella, Redondela**, financiada con cargo ao Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2023-Programa PON2030 e á anualidade 2023 do Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2022-2023, mediante **procedemento aberto simplificado** por razón da súa contía, segundo o proxecto redactado e asinado electronicamente con data con data 14.06.2023 polas arquitectos Lucas Gándara Álvarez y Juan Bautista Pons Herrera, aprobado por resolución da Alcaldía núm. 1343/2024 do 09.05.2024, por un importe máximo de **812.164,79 euros, máis o IVE do 21%** por importe de 170.554,61 o que fai un total de **982.719,40 euros**.

Segundo.- Solicitar acreditación documental de Intervención relativa á existencia de crédito para o referido contrato.

Terceiro.- Que se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares polo servizo correspondente.”

Lida a Memoria xustificativa-Informe de necesidade asinada pola Alcaldía, como órgano de





CONCELLO DE REDONDELA

contratación, e polo concelleiro de Urbanismo con data 16.05.2024.

Visto o certificado da Intervención municipal de data 20.05.2024 acreditativo da existencia de crédito definitivo por importe de 982.719,40 euros na aplicación 1531A/6190069 do estado de gastos do orzamento do Concello vixente.

Esta Alcaldía, ao abeiro das competencias que lle confire a lexislación vixente,

RESOLVE

Primeiro.- Iniciar o expediente para contratar a obra de **Reurbanización da rúa As Cardosas, a rúa Salgueiral e a súa continuación pola rúa Ernestina Otero en Vilavella, Redondela**, financiada con cargo ao Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2023-Programa PON2030 e á anualidade 2023 do Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2022-2023, mediante **procedemento aberto simplificado** previsto no artigo 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de acordo co proxecto redactado e asinado electronicamente con data 14.06.2023 polas arquitectos Lucas Gándara Álvarez y Juan Bautista Pons Herrera, aprobado por resolución da Alcaldía núm. 1343/2024 do 09.05.2024, cun orzamento que ascende a **812.164,79 euros, máis o IVE do 21%** por importe de 170.554,61 o que fai un **total de 982.719,40 euros**, e en función de que a adxudicación recaia no licitador que faga a mellor oferta, tendo en conta os criterios que se establezan nos pregos de cláusulas administrativas particulares, e sen prexuízo do dereito da administración de declarar deserto o procedemento.

Segundo.- Incorporar ao expediente:

- Acta de replanteo da obra e as pertinentes autorizacións.
- Acordo aprobatorio do proxecto.
- Proposta do servizo que promove a contratación.
- Memoria xustificativa-Informe de necesidade
- Acreditación documental da Intervención da existencia de crédito.
- Prego de cláusulas administrativas particulares.
- Informe de Secretaría.
- Informe da Intervención municipal.

Terceiro- Designar como funcionario encargado da tramitación do expediente o secretario xeral do Concello Mateo Crespo González.

Documento datado e asinado electronicamente á marxe

